

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

As deputadas **Yolanda Díaz Pérez** e **Eva Solla Fernández**, membros do **grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **INTERPELACIÓN**, relativa a destrución do emprego indefinido que reflicte a serie de enquisas da EPA.

A publicación dos datos da EPA do terceiro trimestre do 2015 evidencia a consolidación dun dramático fenómeno no mercado laboral, consistente na destrución incesante do emprego indefinido, substituído polas modalidades de emprego precario, desemprego sen máis ou incluso o exilio económico.

Nun excepcional trimestre que en parte se explica polo bo verán en termos de consumo turístico, a contratación indefinida segue a caer e computa a destrución de 18.900 empregos. Só se crea emprego na modalidade temporal, o que non deixa de xerar notables incertidumes para o porvir.

Galicia perde na comparativa interanual 13.700 persoas, perdendo activos incluso respecto ao segundo trimestre deste 2015. As 29.100 persoas ocupadas máis que reflicte a EPA teñen un emprego precario, con peor salario e menos protección social, ou, nalgunha das modalidades de contrato, ningunha. Aínda así a taxa de variación anual da ocupación sitúa a Galicia nun crecemento da mesma do 2,1% por baixo da media estatal do 3,1%.

Nun exercicio onde ate a náusea publicitouse a recuperación económica, Galicia ten só 21.700 persoas ocupadas máis que hai un ano téndose reducido o paro en 35.400 persoas. O diferencial o explica o desánimo, o abandono, a emigración, que se cobraron ese diferencial de case 14.000 persoas que xa non están no paro e tampouco conseguiron traballo.

No ano da recuperación, Galicia ten a segunda taxa de actividade máis reducida do Estado: 53,53%, o que axuda a explicar a contención da magnitude da taxa de paro.

Polo referido, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte INTERPELACIÓN:

- Como valora a Xunta a continua destrución dos empregos con contrato indefinido?
- Cal é a explicación da Xunta respecto da continua perda de poboación activa?
- A que se debe que Galicia sexa a comunidade coa taxa de actividade máis pequena?
- Entende a Xunta que a destrución de emprego indefinido, a perda de poboación activa e a caída da taxa de actividade constitúen as bases do novo modelo de produción social e sustentable?
- Vai avaliar a Xunta o impacto para as condicións de vida da xente traballadora que supón destruír emprego indefinido e trocalo, no menos malo dos casos, por emprego precario e sen apenas dereitos?

En Compostela, a 22 de outubro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Eva Solla Fernández

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 22/10/2015 14:06:39

Yolanda Díaz Pérez na data 22/10/2015 14:06:43